O 02/11/2023 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (en diante DXSA) un escrito da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública no que se solicitaba o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) do devandito departamento.

A dita solicitude acompañábase da seguinte documentación:

- Memoria funcional e económica
- Anexo de equivalencias

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e con base nas competencias que lle confire o artigo 25 apartado 2.F.a) do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSA emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A modificación proposta ten por obxecto modificar o corpo/escala e a titulación académica, de varios postos de traballo da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio e da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, para adecualos ás funcións que teñen encomendadas no Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SEGUNDO. A modificación de RPT que se informa consiste na modificación dos seguintes cinco postos de traballo:

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO								
CÓDIGO DO POSTO	**DENOMINACIÓN**	**NIVEL**	**SUB**	**CORPO/ ESCALA ACTUAL**	**CORPO/ ESCALA PROPOSTA**	**TITUL. ACAD.**	**ADS. ADM.**	**FORM. ESPEC.**
FC.C02.00.001.15770.001	Vicesecretario/a xeral	30	A1	XERAL	XERAL/ESPECIAL/ XSF	---	A11	640
FC.C02.00.002.15770.001	Subdirector/a xeral do Patrimonio	30	A1	XERAL	XERAL/ESPECIAL/ XSF	~~2062~~	A11	640

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: sFFWRDgwEjw7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

FC.C02.00.006.15770.001	Subdirector/a xeral de Estudos	30	A1	XERAL/ ESTAT. SERGAS/ XSE/XSI	XERAL/ESPECIAL/ XSE/XSI	---	A16	640

XSF: XERAL (ESCALA SUPERIOR FINANZAS)
XSE: XERAL (ESCALA SUPERIOR ESTATÍSTICOS)
XSI: XERAL (ESCALA DE SISTEMAS E TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN)
A11: ADSC. INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA, ESTADO DE CC.AA.
A16: ADSC. INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA, ESTADO DE CC.AA. E PERSOAL ESTAT. SERGAS
640: para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.)

- Proponse modificar o corpo/escala do posto de Vicesecretario/a xeral, con código FC.C02.00.001.15770.001, que pasa de Xeral a Xeral/Especial/XSF para adaptalo as súas funcións, que abranguen tanto a suplencia da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, como tarefas de coordinación de carácter xeral e en materia orzamentaria.

- Proponse modificar o corpo/escala do posto de Subdirector/a xeral do Patrimonio, con código FC.C02.00.002.15770.001, que pasa de Xeral a Xeral/Especial/XSF para adaptalo as súas funcións, referidas aos bens tanto patrimoniais como de dominio público da Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión dos asuntos relativos á administración e tráfico destes bens ou o control dos ingresos e rendementos do patrimonio. Así mesmo, elimínase a titulación académica requirida Lic./Grao en Dereito.

- Proponse modificar o corpo/escala do posto de Subdirector/a xeral de Estudos, con dependencia funcional da persoa titular da consellería e con código FC.C02.00.006.15770.001, que pasa de Xeral/Estatutario Sergas/XSE/XSI a Xeral/Especial/XSE/XSI para adaptalo as súas funcións, que abranguen dende o apoio á persoa titular da consellería ata a realización de tarefas de carácter transversal, que afectan a aspectos económicos, orzamentarios e estatísticos.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: sFFWRDgwEjw7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos

DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS								
CÓDIGO DO POSTO	**DENOMINACIÓN**	**NIVEL**	**SUBG.**	**CORPO/ ESCALA ACTUAL**	**CORPO/ ESCALA PROPOSTA**	**TITUL. ACAD.**	**ADS. ADM.**	**FORM. ESPEC.**
FC.C06.00.004.15770.001	Subdirctor/a xeral Insp. Control Fondos Europeos	30	A1	XERAL/XSF	XERAL/ESPECIAL/ XSF	---	A11	640
FC.C06.00.005.15770.001	Subdirector/a xeral Coord. Seguim. Fondos NextGenerationEU	30	A1	XERAL/XSF	XERAL/ESPECIAL/ XSF	---	A11	640

XSF: XERAL (ESCALA SUPERIOR FINANZAS)
A11: ADSC. INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA, ESTADO DE CC.AA.
640: para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.)

- Proponse modificar o corpo/escala do posto de Subdirector/a xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos, con código FC.C06.00.004.15770.001, que pasa de Xeral/XSF a Xeral/Especial/XSF para adaptalo ás funcións encomendadas, referidas a todos os programas e fondos europeos nos que a dirección xeral actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente, que abranguen actuacións en relación coas verificacións de xestión, a coordinación de auditorías, actuacións de control a nivel comunitario, estatal ou autonómico, entre outras.
- Proponse modificar o corpo/escala do posto de Subdirector/a xeral de Coordinación e Seguimento dos Fondos NextGenerationEU, con código FC.C06.00.005.15770.001, que pasa de Xeral/XSF a Xeral/Especial/XSF para adaptalo ás funcións encomendadas, que abranguen tanto labores de coordinación e asesoramento, como de asistencia técnica, de apoio operativo ou de supervisión en relación coas reformas e investimentos financiados con fondos NextGenerationEU.

TERCEIRO. *Custos*

Segundo consta na memoria económica remitida, a proposta de modificación da RPT non comporta custo económico nin supón incremento de gasto público.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: sFFWRDgwEjw7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Esta memoria económica deberá ser obxecto de análise e informe por parte da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Facenda e Administración Pública.

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

(Documento datado e asinado dixitalmente na marxe)

Asinado por: OITAVEN BARCALA, JESUS
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa
Data e hora: 02/11/2023 15:25:01

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO. CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: sFFWRDgwEjw7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve